

Asociación O Castro de Nais/Pais de Alumnos  
C.E.I.P. Mestre Martínez Alonso  
Camiño do Castro,50  
36415 Castro Mos  
Tel: 663 047 239 E-mail: [anpaocastromos@gmail.com](mailto:anpaocastromos@gmail.com)



Estimadas familias:

Como sabedes, a ANPA (Asociación de Nais e Pais de alumnos e alumnas) é o órgano de representación e participación das familias na escola. Estas son as actividades das que nos encargamos:

- Organización e supervisión de actividades extraescolares.
- Contratación do servizo de comedor e solicitude da subvención correspondente.
- Contratación do servizo de Aula Madruga coa colaboración do Concello.
- Colaboración coas xornadas de convivencia organizadas no centro e subvención de excursións aos membros da ANPA.
- Solicitude das AXUDAS ECONÓMICAS ÁS ANPA DESTINADAS Á PROMOCIÓN DA IGUALDADE
- Colaboración na horta do centro.
- Colaboración na visita dos Reis Magos o centro.
- Organización da excursión final de curso para sexto. (**aquelas familias que non fosen socias nos tres últimos anos pagarán un suplemento no momento de abonar o custo da excursión**)
- Organización do festival de fin de curso.

**Queremos animarvos a que aportedes a vosa opinión e ideas e a que participedes e nos axudedes a mellorar.**

Para pertencer á ANPA hai que inscribirse utilizando o seguinte enlace

## **INSCRICIÓN ANPA**

E abonar a cota anual do socio, que é de 15 € por familia. O ingreso débese realizar por transferencia bancaria na conta da entidade CAIXABANK ES19 2100 2304 9901 0096 0392. **IMPORTANTE:** indicar o nome e apelidos do alumno e curso. **Data límite de pago: 30 de setembro de 2024.**

Queremos recordar que, segundo o acordado en asemblea xeral, as familias non socias terán que abonar un **suplemento de 5 €** no prezo das actividades, no menú do comedor e nas tarifas da aula madrugada.